




Concello de Lugo



verá **en** Lugo!

c a m p a m e n t o u r b a n o
2 0 0 9

Información e inscricións

Gaia Animación

Praza de Campo Castelo nº1, Local 10, 27001,
LUGO:

Tel 982 101 222 | Fax 982 101 223
E-mail: info@gaiaanimacion.es



Datas dos campamentos

- Do 6 ao 17 de Xullo de 2009, ambos incluídos.
- Do 20 ao 31 de Xullo 2009, ambos incluídos.
- Do 3 ao 14 de Agosto de 2009, ambos incluídos.
- Do 17 ao 28 de Agosto de 2009, ambos incluídos.
- Do 31 de Agosto ao 11 de setembro, ambos incluídos.

tel 982 101 222
Máis información e inscricións



Concello de Lugo



fundación
feiras e exposicións
de lugo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



Proyecto cofinanciado en un 70% por el FEDER

Folla de inscrición

Núm. inscrito Nome do neno/a

Nome do pai/mai ou titor/a legal DNI

Teléfono de contacto E-mail

Listado de persoas autorizadas para recoller ao acampado (nome e DNI)

Información complementaria

Patoloxías coñecidas (alerxias, enfermidades crónicas, etc.)

Intolerancia ou alerxia alimentaria específica

Tratamentos en curso (enfermidade, medicación, dose, duración do tratamento, contraindicacións,...)

Necesidades educativas especiais

Sabe nadar? SI NON

Autorizo a que o meu fillo saia nas fotos ou reportaxes que se realicen do campamento:

SI NON

Autorizo aos monitores/as do campamento a desplazar ao meu fillo/a fóra das instalacións de Frigsa para realizar calquera das actividades e excursións programadas

SI NON

Parada do autocar: recollida

Parada do autocar: regreso

Sinatura e data

4) PAGO DA COTA DE INSCRIPCIÓN

No caso de ter interese en realizar a inscrición de un neno/a, o pai/nai ou titor/a legal terá que poñerse en contacto coa oficina de Gaia Animación (982 101 222) para que ao neno/a se lle asigne un número de referencia para facer constar no ingreso. Dito número de referencia será obligatorio facelo constar no ingreso xunto co nome do neno/a. O pago da cota farase mediante un ingreso en efectivo ou transferencia no número da entidade La Caixa: 2100 5780 93 0200032851, indicando o nome do neno/a que se inscribe no campamento e o número de referencia asignado pola organización do campamento.

5) EXCLUSIÓN DE PARTICIPANTES

Quedarán excluídos da participación nos Campamentos Urbanos Municipais:

- Aqueles que non reúnan os aspectos requiridos no presente normativa.

-Aqueles que no prazo establecido non entregasen a documentación requirida.

REINTEGRO E DEVOLUCIÓN

En caso de renuncia, anterior o comezo do campamento, reintegraranse os seguintes importes:

- Renuncias realizadas con **21 días de antelación**, a contar desde o mesmo día de comezo do Campamento, **100%**.

- Renuncias realizadas con **14 días de antelación**, a contar desde o mesmo día de comezo do Campamento, **50%**.

- Renuncias realizadas con posterioridade os casos anteriormente mencionados, non se realizará ningún tipo de devolución.

DEREITOS DE IMAXE

Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido e protexido pola lexislación española, no art. 18.1 da Constitución, e regulado na Lei 5/1982 do 5 de maio, sobre o dereito a honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, a participación no campamento supón a autorización para o uso da imaxe, nas publicacións destinadas á promoción desta actividade que Gaia animación considerara oportunas.



INFORMACIÓN XERAL

O lugar para a presentación de toda a documentación será a oficina de Gaia Animación situada na Praza de Campo Castelo nº1, Local 10, 27001, LUGO:

Tel 982 101 222
Fax 982 101 223
E-mail: info@gaiaanimacion.es

Tamén se poderá descargar a documentación e información nas seguintes webs:

www.lugo.es
www.deputacionlugo.org
www.pfclugo.com
www.gaiaanimacion.es

Poderase solicitar información a través da oficina de información municipal no teléfono 010.



Concello de Lugo



fundación
feiras e exposicións
de lugo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desarrollo Regional
Para promover el Empleo Juvenil



Proyecto cofinanciado en un 70% por el FEDER



Concello de Lugo



CONCEPTO

Programa destinado a proporcionar aos nenos e nenas do noso municipio, durante o período vacacional, a oportunidade de gozar do seu lecer e tempo libre, con actividades lúdico-educativas que fomenten o desenvolvemento de hábitos de diversión creativos, así como posibilitar que os pais/nais dos menores poidan cubrir as necesidades que lles expoñen as vacacións escolares de verán.

OBXECTIVOS

- 1) Concienciar aos nenos/as en actitudes de respecto cara os seus compañeiros e cara o entorno que os rodea.
- 2) Proporcionar aos pais/nais a posibilidade de compatibilizar os deberes familiares e laborais a través das actividades que realizan os seus fillos/as no seu horario de traballo.
- 3) Desenvolver hábitos de diversión activos e creativos.
- 4) Adquirir coñecementos sobre o entorno natural e urbano que os rodea.
- 5) Fomentar unha conciencia de respecto o medio natural e coñecer a nosa riqueza medioambiental.

DESTINATARIOS

Os nenos e nenas, de **4 a 12 anos**, nados **dende 1997 a 2005 ambos incluídos**. O número de prazas para a realización de cada un dos campamentos será de **60 prazas máis 10 prazas que se destinarán para nenos/as derivados dos propios Servizos Sociais deste Concello**. Debido a que o número de prazas é limitado, serán prioridade os nenos empadroados no **Concello de Lugo**.

NÚMERO DE CAMPAMENTOS E DATAS DE REALIZACIÓN

O número de Campamentos Urbanos para o ano 2009 será de cinco. As datas de realización para cada un dos campamentos serán as seguintes:

- Do **6 ao 17 de Xullo de 2009**, ambos incluídos.
- Do **20 ao 31 de Xullo 2009**, ambos incluídos.
- Do **3 ao 14 de Agosto de 2009**, ambos incluídos.
- Do **17 ao 28 de Agosto de 2009**, ambos incluídos.
- Do **31 de Agosto ao 11 de setembro**, ambos incluídos.

Os sábados, domingos e festivos non se realizarán actividades.

HORARIO DOS CAMPAMENTOS URBANOS

O horario será de **8,00 a 20,00 horas**, tendo en conta que se poderán realizar actividades especiais (excursións, saídas) que atrasarán este horario. Sempre que isto ocorra os responsables do campamento notificarano con anterioridade aos pais/nais, debendo contar para a asistencia dos menores coa súa autorización.

LUGAR DE REALIZACIÓN

O lugar de realización serán as instalacións do Parque de Frigsa: Casa do deporte (Lugar de chegada e recollida dos participantes), Polideportivo de Frigsa, Parque Infantil de tráfico López Mella, Pista de volei praia e petanca, Pistas de tenis, Pista de skate, Pista de radiocontrol, Piscinas, Casa da muller, Casa da música, Centro sociocultural da Milagrosa, Biblioteca municipal e Auditorio Gustavo Freire e no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Aquelas actividades de carácter itinerante ou que utilicen outros recursos para actividades específicas realizaranse fora de este recinto. A utilización das instalacións estará en función da dispoñibilidade das mesmas.

RECURSOS HUMANOS

Existirá a proporción dun/dunha monitor/a por cada dez participantes como mínimo e un/unha coordinador/a de campamento.

DINÁMICA

A actividade do campamento presentada fundaméntase na Aventura. Esta pode definirse como a vivencia, en forma de xogo, dunha gran historia na que todos, monitores/as e participantes, son protagonistas. É un xogo de participación que envolve tódalas actividades, aportando unha liña argumental común. A dinámica da aventura penetra na definición de espazos, no nome dos días, dos materiais... conseguindo nos nenos e nenas unha maior implicación nas actividades e a sensación de estar vivindo unha auténtica aventura.

O campamento constará de 70 participantes que serán divididos en dous grupos de 35. O primeiro grupo estará formado por nenos de idades comprendidas entre 4 e 8 anos e o segundo grupo estará formado por nenos de 8 a 12 anos.

As actuacións propostas divídense en dous programas, bautizados coas seguintes denominacións: **Coñece a natureza**, o cal pretende achegar os nenos/as o entorno que os rodea a través de xogos, contacontos, obradoiros e saídas, e **Entende a natureza** que tenta que os nenos/as cheguen a coñecer o medio que os rodea, que entendan as repercusións sobor do mesmo que teñen as súas accións, a través de simulacións e accións directas, incluíndo así un aspecto científico á actividade.

COTA DOS CAMPAMENTOS

Estarán obrigados o pago do correspondente cota os beneficiarios dos Campamentos Urbanos, cun prezo por persoa e campamento de **195 Euros**, no caso de familias con máis de un fillo o segundo terá un desconto do 10% e a partir do terceiro o desconto será do 15%. Devandita solicitude será formulada polo pai, nai ou titor legal do neno/a.

PROTECCIÓN DE DATOS

Como cliente de Gaia Animación, informámolo de que de acordo co disposto na Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, que os datos persoais que Vd. proporcionou están incluídos en varios ficheiros automatizados ou non titularidade de Gaia Animación coa finalidade do mantemento da relación negocial así como para a prestación e xestión, tanto económica como dos servizos por Vd. encomendados.

Estos ficheiros atópanse debidamente inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos e son tratados de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, garantindo desta maneira a confidencialidade da súa información persoal.

Vostede consinte inequívoca e expresamente o tratamento automatizado ou non dos seus datos para a remisión de información, ben relacionada coa prestación do servizo ou comercial e/ou promocional de produtos relacionados coa actividade de Gaia Animación.

O cliente poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos dirixindo unha notificación por escrito indicando o concreto dereito que desexa exercer, á seguinte dirección: **Gaia Animación, Praza Campo Castelo nº 1 Local 10; 27001 Lugo**.

PROCEDEMENTO DE ACCESO

1) PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será **do 2 de xuño ata cubrir o número de prazas**.

2) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS

O modo de selección para os campamentos urbanos será por **riguroso orde de inscrición**, segundo as normas vixentes. Unha vez cuberto o número de prazas ofertadas, as solicitudes que excedan as prazas pasarán a formar parte dunha lista de espera.

3) SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A inscrición nos campamentos urbanos, realizarase mediante o formulario de solicitude, debidamente cuberto e acompañado da seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal.

-Fotocopia do D.N.I. ou da folla do Libro de Familia onde apareza o menor para o que se solicita o Campamento.

-2 Fotografías tamaño carnet do neno/a.

-Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social do neno/a.

-Certificado de empadramento.

-Informe médico de non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa que lle impida participar no campamento.

-Informe de intolerancia ou alerxia a algún tipo de alimento de ser o caso.

-Informe de ter necesidades educativas especiais (só os que o teñan).

-Xustificante de ter aboado os 195 € por participante da cota de inscrición.